

MIRADAS DUN TEMPO EMPEZOÑADO: DE MEDUSAS, BASILISCOS E MORTÍFEROS DRAGÓNS

(Adaptación de Lucano, *Farsalia*, IX, vv. 624 e ss.)



Polas últimas fronteiras da Libia, onde a abrasada terra linda co Océano, chamuscada polo sol que afonda nel cada día, estendíanse amplamente os inaccesibles campos da Medusa, a filla de Forcis, desprovistos da sombra de arborados bosques, e xamais removidos por ningún arado, máis ben ourizados de rochas, trala mirada letal da súa dona. Daquela gorxa naceron as serpes que emitiron estridentes asubíos coas súas linguas vibrátiles. As serpes que azoutaban igualmente o colo de Medusa cando aínda podía compracerse con elas. Soltas polo lombo a modo de cabeleira feminina, xorden unhas cobras, encrespadas tamén na fronte, e ó peitear as súas guedellas flúe o veneno viperino.

Este monstro ousou ameazar o mar cunha paralización insólita e petrificar o universo. As aves, volvéndose subitamente pesadas, caeron do ceo, as feras confundíronse cos cumios, todas as xentes veciñas dos etíopes semellaban figuras de mármore.

Ningún ser vivo podía aguantar a súa mirada, e mesmamente as serpes evitaban o rostro da Górgona escapándolle. Ela converteu en rochas a Atlante, o Titán que se erguía a pé das columnas de Hesperia; e, cando moi lonxe no tempo, o ceo arripiou cos

xigantes con pernas de serpes de Flegreas, tornounos empinadas montañas, e á guerra implacable dos deuses púxolle fin desde o centro do peito de Palas.

Cando Dánae alumbrou a Perseo, o fillo enxendrado da dourada chuvia de Xúpiter, guiárono a aquela rexión as alas do Arcadio Hermes, inventor da cítara e da palestra onde abunda o aceite, e cando, xa alado, o héroe empuñou o arpón deste deus nacido nunha cova do monte Cilene -arpón xa tinguido polo sangue do abatido monstro Argos, o garda da xovenca Io amada por Xúpiter-, a virxinal Palas, prestoulle axuda ó seu irmán voador, despois de pactar a cabeza da Medusa Gorgona; nos lindeiros de Libia ordenoulle a Perseo que mirase cara ó sol nacente e navegar de costas ós reinos da Górgona mentres voaba, e así mesmo axustou na seu brazo esquerdo un escudo pulido de dourado bronce, no que lle encargou que mirase reflectida a Medusa petrificadora.



O sono, que trae coa morte repouso eterno, non se apodera ella de todo dela : está en vela unha boa parte da súa cabeleira –as hidras, entreguedelladas, defendenlle a cabeza–, mentres eoresto xace no medio do seu rostro e dos ollos en tebras. A mesma Palas guía o medoñento e apunta o arpón do Cilenio, que treme en la man de Perseo volto de costas, a través ándolle o colo callado de serpes. ¡Que cara se lle puxo á Górgona ó cortárille a cabeza a golpes do curvo ferro! ¡canto veneno imaxino que botaría pola boca e canta morte espallarían os seus ollos! Nin sequera Palas pode miralos, aínda máis, deixarían como o xeo o rostro de Perseo, estando de costas, se a Tritonia non alborotase a espesa cabeleira e tapase os ollos coas serpes. Despois de facerse con gran esforzó coa cabeza da Górgona, voou o alado cara o ceo.



O Basilisco, que emite asubíos que aterran a todas as pestes anteriores, mata antes de inocular o seu veneno, escorrenta ó seu paso, ó longo deste inmenso e areoso territorio, a toda a turbamulta de reptís e impón o seu poder nas areas do deserto. O Basilisco crea o deserto, é o deserto mesmo, onde morren os paxaros e apodrece calquera froito. As augas nas que bebe quedan infectadas para sempre. A súa mirada quebra as pedras e queima as herbas. Só o cheiro da donicela e o canto do galo teñen o poder de o abater.



Tamén a vós, que reptades por todas as terras como divindades inofensivas, Dragóns refulxentes de dourado resplandor, a ardente África convértevos en mortíferos: remontades con alas o ceo e, perseguindo a rebaños enteiros, quebrantades a golpes de cola, enroscándovos neles, xigantescos touros; nin o elefante está seguro, pese ó seu

volume: todo o entregades á morte e, para os vosos nocivos estragos, nin sequera necesidades veleno.

